



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE DA XUNTA DE GALICIA E A DIOCESE DE OURENSE PARA A POSTA A DISPOSICIÓN DOS TERREOS E INMOBLES NECESARIOS PARA A EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS DE CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DOS INMOBLES ECLESIAÍSTICOS INCLUÍDOS NO ANEXO DE INTERVENCIÓNS VINCULADAS AO PRESENTE CONVENIO.**

Santiago de Compostela, 06 MAI. 2025

**REUNIDOS**

Dunha parte, D. José López Campos, actuando en representación da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, en virtude do seu cargo de conselleiro, en exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, así como o artigo 2º da Resolución de 8 de abril de 1991, pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia de 27 de marzo de 1991 sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.

Doutra, Sr. Don Leonardo Lemos Montanet, que actúa en representación da Diocese de Ourense, en virtude do seu cargo de Bispo, en exercicio das facultades que lle confire o parágrafo 1 do canon 381 e seguintes do Código de dereito canónico.

Todas as partes teñen plena capacidade para levar adiante o presente convenio de cooperación e por tanto,

**EXPOÑEN**

**Primeiro:** Que a Xunta de Galicia asume a xestión das funcións sobre o patrimonio cultural en virtude do Real decreto 2434/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura, de acordo co establecido no artigo 27.18 do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1.16 da Constitución Española, ámbito desenvolvido na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

**Segundo:** Que conforme o artigo 4º do "*Convenio de Colaboración entre os bispos das dioceses que comprenden o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e a Xunta de Galicia, co fin de garantir a conservación e fomentar ou promover o enriquecemento do patrimonio artístico e documental da Igrexa*", formalizado polo "Acordo marco entre a Xunta de Galicia e os bispos das dioceses que comprende o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia" asinado o 17 de abril de 1985, a Xunta de Galicia conforme as súas dotacións orzamentarias, asume o compromiso de contribuír ás necesidades de conservación, mellora e adecuada protección do patrimonio artístico e histórico propiedade da Igrexa Católica, así como de subvencionar ou dotar, no seu caso, os convenientes medios persoais e técnicos para a súa eficiente utilización pública.

**Terceiro:** Que a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, dentro dos ámbitos da súa



competencia, ten establecido un plan de investimentos a realizar co obxecto de conservar, restaurar e poñer en valor o patrimonio cultural de Galicia, colaborando así cos seus propietarios e xestores, que se comprometen a poñer a disposición da sociedade o seu patrimonio cultural e a mantelo e a utilizalo de forma axeitada para garantir a conservación dos valores culturais que xustificaron a súa protección.

**Cuarto:** Que a Igrexa Católica é a titular do seu patrimonio histórico, artístico e documental que se pon a servizo da sociedade, titularidade que, a tenor da Constitución Española e do Estatuto de Autonomía de Galicia e do resto da lexislación aplicable, a Xunta de Galicia reconece, así como a súa natureza e finalidade relixiosa e o uso relixioso dos mesmos que se desenvolve de forma compatible coa función cultural que posúe o devandito patrimonio.

**Quinto:** Que a Diocese de Ourense ten a facultade de poñer a disposición da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude os bens culturais que se relacionan no Anexo de Intervencións que acompaña ao presente convenio. Entre estes bens pódense atopar edificios, retablos, pinturas murais e outros bens artísticos de natureza inmoble, posuidores de valor cultural e protexidos ao seren considerados de interese relevante para a permanencia e a identidade da cultura galega a través do tempo.

Por todo o exposto, as partes acordan subscribir un convenio de colaboración baseado nas seguintes

## CLÁUSULAS

### Primeira.- Obxecto do Convenio

O obxecto do presente convenio de colaboración é regular as bases de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da súa Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, e a Diocese de Ourense para a **posta a disposición dos terreos e inmobles necesarios para a execución das actuacións de conservación e restauración dos inmobles eclesiásticos incluídos no anexo de intervencións vinculadas ao presente convenio.**

Para o desenvolvemento deste proxecto non é posible promover a concorrência pública, xa que o estado de deterioro progresivo dos inmobles incluídos no listado de actuacións do presente convenio podería afectar aos elementos construtivos, estruturais ou funcionais dos inmobles ou as decoracións, policromías, capas de preparación ou soporte e estruturas dos bens artísticos, polo que é necesario a realización das actuacións descritas no anexo de intervencións e así evitar a perda destes bens integrantes do patrimonio cultural de Galicia. Por outra banda, as intervencións obxecto do presente convenio están incluídas no *Plan estratéxico para a protección e conservación do patrimonio cultural de Galicia* da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, dentro do obxectivo operativo *Conservar o patrimonio cultural galego*, que inclúe actuacións en catedrais, mosteiros, conventos, abadías, igrexas e patrimonio eclesiástico galego.



No Anexo de Intervencións que forma parte do presente convenio recóllese de forma ordenada a relación de inmobles sobre os que se ten previsto actuar, identificándoos e indicando para cada un deles o seu réxime de protección e o obxecto da actuación que se pretende desenvolver, así como os datos representativos do proxecto de restauración e obras para as que se acorda a posta a disposición dos terreos e inmobles.

### **Segunda.- Obrigas da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.**

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia, dentro das liñas de actuación que en materia de protección, conservación e posta en valor do patrimonio cultural, están sinaladas no seu programa de obxectivos, realizará as actuacións relacionadas no Anexo de Intervencións do presente Convenio, ou das sucesivas addendas, con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, en función das súas dispoñibilidades económicas e mediante a tramitación dos instrumentos xurídicos oportunos.

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, conforme á lexislación de aplicación e á tramitación e procedementos establecidos para a contratación polas administracións públicas, supervisará e aprobará os proxectos e contratará as obras e servizos relacionados no Anexo de Intervencións do presente convenio.

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude a través dos seus servizos técnicos e dos profesionais alleos contratados para realizar a dirección facultativa dos traballos, realizará o seguimento das obras e o control económico e técnico das mesmas.

A relación de obras recollidas no anexo así como a relación de inmobles eclesiásticos que van a ser obxecto das intervencións poden ser obxecto de modificación ao longo do período de vixencia do presente convenio, incorporando novos edificios, bens e intervencións ou retirando os xa incorporados nos que non sexa posible chegar a formalizar a contratación das obras. Estas variacións do listado incluído no Anexo de Intervencións serán recollidas en sucesivas addendas ao presente convenio que teñan por obxecto a actualización da lista de intervencións previstas ao abeiro do mesmo.

Para aqueles inmobles que se retiren do Anexo de Intervencións, a posta a disposición de terreos e inmobles necesarios para a execución da obra realizada polo titular do ben a favor da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude quedará sen efecto, non asumindo por isto a consellería ningún outro compromiso ou responsabilidade ante o propietario.

### **Terceira.- Obrigas da Diocese de Ourense**

Pola súa banda, a Diocese de Ourense comprométese a autorizar a plena e libre dispoñibilidade dos terreos e inmobles necesarios a favor da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude para que esta poida acometer a execución das actuacións obxecto do presente convenio.

Unha vez rematadas as obras, a entidade titular asumirá a xestión, mantemento e conservación dos inmobles dos que sexa titular. Para estes efectos, unha vez recibidas as obras pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, poñerá no seu coñecemento,



entendéndose que a citada comunicación determina o nacemento das obrigas previstas nesta cláusula.

#### **Cuarta.- Comisión Paritaria**

Coa finalidade de asegurar o cumprimento do presente convenio, créase unha comisión mixta de seguimento e control, integrada por dous membros de cada unha das partes. Esta comisión será a encargada de solucionar as controversias que se poidan suscitar na interpretación do convenio.

#### **Quinta.- Resolución**

O presente convenio resolverase polo incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.

#### **Sexta.- Vixencia**

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estará vixente ata a completa finalización das obras a realizar sobre os inmobles obxecto da posta a disposición. En calquera caso, a duración do presente convenio será determinada e non superior aos catro anos, salvo que normativamente se prevea un prazo superior, de acordo co artigo 49.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

#### **Sétima: Publicidade**

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Asemade procederase á inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

#### **Oitava.- Notificación electrónica**

Segundo o artigo 14,2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigados a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a

unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

### **Novena.- Réxime xurídico**

Este convenio ten natureza administrativa. As cuestións litixiosas xurdidas da aplicación do presente convenio, e non resoltas en vía administrativa, serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

E en proba de conformidade cos termos do presente convenio, as partes comparecentes asínanos e rubricánonos por duplicado exemplar no lugar e data expresados.

O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude,

José López Campos



O bispo da Diocese de Ourense

A handwritten signature in blue ink, appearing to read "Leonardo Lemos Montanet".

Leonardo Lemos Montanet



ANEXO 1 DE ACTUACIÓNS VINCULADAS AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E A DIOCESE DE OURENSE, ANO 2025

|  |
|--|
| BEN: igrexa de Beade (parroquial de santa María)   |
| SITUACIÓN: Lugar de Beade, Beade (Ourense)   |
| PROTECCIÓN: A igrexa parroquial de santa María de Beade ten a consideración de ben catalogado ao estar incluída no catálogo do PXOM do Concello de Beade do 1.04.2011 (DOG 12.04.2011) co núm. de inventario N-01, conforme ao art. 30 e a DA 2ª da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.<br>Tamén se recolle no catálogo do Plan Básico Autonómico co COD_IMPRESION Beade_43462. |

|  |
|--|
| ACTUACIÓN: Rehabilitación da cuberta da igrexa de santa María, Beade (Ourense) (Expte.: SAR-2024-0123.INT) |
| PRAZO DE EXECUCIÓN ESTIMADO: 8 meses   |

|  |
|--|
| DESCRICIÓN:  |
| É unha igrexa románica que tivo modificacións importantes ao longo do tempo dende a súa construción no século XII ata o século XVIII.<br>Ten planta basilical dunha única nave que presenta engadidos barrocos e onde tamén atopamos restos románicos situados no muro sur.<br>A igrexa configúrase con diferentes volumes que se foron arrimando e que lle achegan un aspecto de maxestosa. Destaca nun lateral a torre campanario de catro corpos cos volumes profusamente decorados que se elevan en diminución, dúas balaustradas e remate en cupuliña. A cuberta é a dúas augas.<br>Na fachada renacentista con lixeiras lembranzas do barroco destaca a ornamentación da porta alintelada cun frontón triangular, dúas fornelas laterais con imaxes, un van moldurado e na parte superior un escudo. |

|   |
|---|
| XUSTIFICACIÓN DA INTERVENCIÓN:  |
| O dano máis salientable do templo sitúase na cuberta que está en moi malas condicións debido á falta de mantemento. As deficiencias nos elementos construtivos permiten a entrada de auga de xeito continuado.<br>Estas obras de cambio de cuberta fanse imprescindibles para evitar a deterioración dos paramentos da igrexa así coma dos tanto dos elementos interiores como son os interesantes sepulcros nobiliarios. |

|   |
|---|
| ACTUACIÓNS PROPOSTAS:   |
| As actuacións que se contemplan de xeito resumido son:<br>- desmontaxe da cuberta existente: material de acabado, entaboadado, estrutura soporte, |



canlóns e baixantes

- limpeza e preparación de paramentos para albergar os novos encontros e impermeabilización.
- formación de nova estrutura de soporte da cuberta a base de vigas de madeira laminada e estrutura secundaria de pontóns e correas con madeira serrada
- colocación de material de acabado a base de tella cerámica con sistema ventilado, incluso taboleiro de soporte, lámina impermeable transpirable e placas de fibrocemento
- colocación de canlóns e baixantes de zinc
- limpeza de elementos vexetais nas fachadas



|  |
|--|
| BEN: Igrexa do mosteiro de santa María de Xunqueira de Espadanedo  |
| SITUACIÓN: 32037 Xunqueira de Espadanedo (Ourense)   |
| PROTECCIÓN: A igrexa de santa María de Xunqueira de Espadanedo foi declarada BIC como monumento histórico-artístico polo Real decreto 3049/1980 do 12 de decembro (BOE núm. 28 do 2.02.1981). ID_RAGE 51-0004448-00000; ID_INV BIC.000.351 |

|   |
|---|
| ACTUACIÓN: Restauración dos retablos manieristas da igrexa do mosteiro de santa María de Xunqueira de Espadanedo (Ourense): retablo da Transfiguración e retablo da Visitación<br>(Expte.: SAR-2025-0039.INT) |
| PRAZO DE EXECUCIÓN ESTIMADO: 4 meses  |

|   |
|---|
| DESCRICIÓN:   |
| <p>O de santa María de Espadanedo é un antigo mosteiro cisterciense. Foi fundado na segunda metade do século XII por Fernando II de León, ao longo dos séculos XII e XIII vive unha época de esplendor e no ano 1546 únese á congregación cisterciense de Castela. No século XIX convértese en igrexa parroquial.</p> <p>Da parte relativa ao mosteiro só se conservan partes do claustro e a igrexa, aínda que esta última sufriu engadidos e mutilacións.</p> <p>O templo consta de tres naves rematadas en ábsidas semicirculares nos que se colocaron retablos renacentistas e barrocos. As ábsidas cóbrense con bóvedas apuntadas e os arcos de acceso ás capelas son dobrados e apóianse en columnas entregas de capiteis sinxelos. Os tramos das naves configúranse a partir de piares compostos. Na capela maior atópase un fragmento do frontal románico do altar decorado con arcos cegos apoiados en columnas rematadas en capiteis de elementos vexetais.</p> <p>O exterior da igrexa destaca pola súa sobriedade e o escalonamento de volumes e pola plasticidade característica dos canzoros decorados con formas xeométricas e vexetais. Os muros laterais organízanse a partir da sucesión de vans e de contrafortes que soben ata o beirado. As portas laterais do templo están tapiadas e a norte ten dobre arquivolta lixeiramente apuntada.</p> <p>Os retablos obxecto da intervención sitúanse na nave central, cuarto tramo e tras a reixa de madeira (ano 1899) que historicamente e ate a desamortización separaba a parroquia da clausura.</p> <p>Estes retablos manieristas executáronse en torno a o ano 1620 por dous artistas diferentes, Juan de la Sierra (Transfiguración) e Alonso López (Visitación). No ano 1620 o pintor Gonzalo Pérez encárgase de pintar ambos os dous. Posiblemente os bustos relicarios pertenceran a outros retablos, o de san Marcos realizado a finais do século XVI (1595) por Manuel Arnao. Á dereita, María visitando a súa prima santa Isabel, ou a primeira manifestación do fillo de Deus (segundo san Lucas, cando Isabel escoitou o saúdo de María, o neno saltou no seu ventre e Isabel sentiuse chea do Espírito Santo). Á esquerda, a Transfiguración de Cristo elevándose sobre os apóstolos en compañía de Moisés e Elías.</p> <p>Os retablos distribúense nunha única rúa e dous corpos que albergan sendas fornelas</p> |



con medios e baixorrelevos. Están executados sobre soporte líneo, dourados e policromados.

#### XUSTIFICACIÓN DA INTERVENCIÓN:

Presentan un estado de conservación tal que na estrutura e madeira de soporte aprécianse alteracións de relevancia que debilitan as súas propiedades mecánicas. Entre outros, obsérvanse desaxustes estruturais, desprendementos, ensamblaxes en mal estado, gretas e fendas, perdas de volumes e engadidos alleos. Tamén se detecta a presenza activa de insectos xilófagos.

Nas policromías a patoloxía preséntase con faltas de adhesión e desprendementos de estratos polícromos, repintes, sucidade xeneralizada, oxidación do verniz e escurecemento xeral da superficie debido principalmente a fumes de combustión.

Por outra banda tamén se prevé a intervención nas bases pétreas que serven de apoio aos retablos e soportan os frontes de altar, co obxecto da súa estabilización xa que amosan desaxustes na súa fábrica.

#### ACTUACIÓNS PROPOSTAS:

Os traballos necesarios para acadar a restauración afectan a todos os elementos do retablo, isto é, mazonería, frontais de altar e bases pétreas. En liñas xerais, son os seguintes:

- Limpeza superficial.
- Desinsectización curativo-preventiva.
- Fixación de estratos polícromos.
- Revisión, reposición e/ou reforzo de ancoraxes.
- Tratamento de elementos metálicos.
- Carpintería de reaxuste estrutural.
- Consolidación de soportes. Tratamento de gretas, fendas, fisuras...
- Reintegracións volumétricas.
- Limpeza de policromías e vernices oxidadas.
- Reintegracións cromáticas.
- Aplicación de protección final.
- Reaxuste, limpeza e encintado das bases pétreas dos retablos.



|  |
|--|
| BEN: catedral de Ourense   |
| SITUACIÓN: Praza de san Martiño, Ourense   |
| PROTECCIÓN: A catedral de San Martiño de Ourense está protexida polo seu valor cultural ao ter a consideración de ben de interese cultural por Decreto do 03.06.1931 (publicado na GAC do 04.06.1931). Tamén está incluída no catálogo do Plan especial de protección e reforma interior do casco histórico do concello de Ourense aprobado definitivamente o 13.09.1996 (BOP nº26 do 01.02.1997, ficha zona 5 – referencia catastral 38.80.5.01 – Praza San Martín Nº0 (1), protección integral). |

|   |
|---|
| ACTUACIÓN: Restauración do ciborio interior da catedral de Ourense e dotación de iluminación interior.<br>(Expte.: SAR-2024-0213.INT) |
| PRAZO DE EXECUCIÓN ESTIMADO: 6 meses  |

|  |
|--|
| DESCRICIÓN:  |
| <p>Consagrada en 1188 a catedral de Ourense é de planta de cruz latina, con tres naves e na súa orixe tería tres ábsidas da que só se conserva a central, composta a súa vez por cinco absidiolos. A súa cubrición é de bóveda de cruzaría cuadripartita, polo que houbo que utilizar capiteis ménsula ao facerse nun espazo temporal posterior ao que estaba prevista. Entre 1499 e 1505 encárgaselle a Rodrigo de Badajoz levantar o ciborio octogonal, que se trasdosa ao exterior mediante tres corpos, sendo o último unha galería aberta coroadado cunha cristería e pináculos que lle confiren unha maior ascensionalidade.</p> <p>No exterior obsérvanse unha serie de construcións que envolven a planta orixinal, pero que deixan ver o volume da nave principal no centro. O gran ciborio que asoma sobre as cubertas con notable altura ofrece unha referencia que non deixa lugar a dúbidas. Este último, realizado por Juan de Badajoz, non foi a solución inicial para cubrir o cruceiro da catedral de Ourense, un espazo particularmente comprometido polas súas dimensións e pola súa importancia nun templo de cruz latina con tres naves e unha capela maior destacada. Pódese encadrar dentro da chamada arquitectura hispano-flamenca da última etapa do gótico.</p> <p>O ciborio está elevado sobre os esveltos alicerces mediante trompas que dan forma á planta cadrada para chegar ao octógono. Este volume octogonal, proporcionado e harmonioso atópase formado por tres corpos: o primeiro con grandes ventás de arcos apuntados con trazaría treboada; o segundo separado do anterior por un trenzado a modo de cordón, presenta ventás similares, pero de menor tamaño; o terceiro presenta en cada cara dobres ventás sinxelas e un remate de pináculos.</p> <p>A cuberta do ciborio actual foi realizada en 1977 en base ao proxecto de Pons Sorolla. Sobre una ménsula corrida perimetral apóiase unha armazón metálica que fai de base á lousa de formigón armado que cubre o espazo. A cuberta evacúa a auga cara o seu perímetro, onde a recolle un canlón oculto. A evacuación de auga dende a planta superior lévase a cabo por medio de baixantes que evacúan a auga cara as gárgolas situadas no nivel dous do ciborio.</p> |



**XUSTIFICACIÓN DA INTERVENCIÓN:**

Durante o ano 2022 estudáronse, entre outros, os danos e patoloxía que estaba a afectar ao ciborio da catedral, derivadas de filtración de auga como o principal axente de alteración: a patoloxía observada aconsellou a realización dunha intervención previa no exterior do ciborio para solucionar os problemas de entrada de auga, frear as alteracións no conxunto escultórico artístico do interior e conseguir un grao de humidade nas fábricas que garantira a efectividade dos procesos de restauración necesarios. Poren, o proxecto de intervención redactado programouse en dúas fases: Fase 1 (ciborio exterior e fachada sur) que xa está executada e Fase 2 (ciborio interior).

A execución da primeira fase durante o ano 2023 permitiu a realización de probas e análíticas complementarias nas fabricas interiores do ciborio, co obxecto de afondar na problemática específica do conxunto escultórico interior e matizar os traballos de restauración precisos.

Neste tempo a propiedade do ben eliminou as luminarias existente (modelos descatalogados e cun deficiente rendemento enerxético) e instalou so tres focos provisionais mal ancorados ás varandas do ciborio. É preciso polo tanto dotar ao conxunto dunha iluminación que poña en valor o conxunto unha vez sexa restaurado e permita o uso litúrxico no presbiterio.

Na actualidade os danos máis salientables maniféstanse especialmente:

**ACTUACIÓNS PROPOSTAS:**

Os traballos previstos de xeito resumido son:

1. Paramentos do ciborio

- saneado e limpeza en función do grao e intensidade da patoloxía ou lesión
- baleirado de xuntas e rexuntado de sillería (i/ inxección de morteiro de cal líquido onde sexa preciso)
- cosido de gretas, fixación de desprendementos, consolidación e reintegración en zonas concretas
- consolidación de baixa intensidade na base do ciborio para a posterior limpeza e rexuntado, previa desalgazón se se considera axeitado.

2. Iluminación

Reordenación do cableado existente e instalación de iluminación ornamental no interior do ciborio en base ao estudio luminoso realizado.

3. Outros

- control estrutural do interior das bóvedas e do ciborio
- mellora da toma de terra do pararraios
- substitución do pavimento da zona do altar.